


VOCABULARIO DO TEMA 4. APARTADO DA VEXETACIÓN

Laurisilva: formación vexetal de bosque típica da rexión bioxeográfica macaronésica. Aparece nas ladeiras de umbría sobre os 800-1200 m de altura, alí onde predomina a néboa e o mar de nubes causado polos ventos alisios no NL (norleste). Está formado por máis de 20 tipos de árbores (destacan a faia e o tilo canario), arbustos e lianas que gustan da humidade. O conxunto pode superar os 20 m de altura, dando aspecto dunha auténtica selva tropical. O faial-breixeiro supón a degradación de este tipo de bosque a mans do ser humano. En España, podemos atopala nas illas Canarias.

Cliserie del Teide



Maquis: é unha formación arbustiva de máis de dous metros de altura, moi densa e case impenetrable. As súas especies principais son a xara, o breixo, o lentisco e a xesta. Pertence á rexión bioxeográfica mediterránea e esténdese polos solos silíceos.

Vexetación clímax: vexetación en fase de máximo desenvolvemento que se atopa en equilibrio dinámico con respecto ao seu contorno ambiental. A vexetación clímax da España húmida, por exemplo, inclúe os bosques caducifolios de carballo e faia, en combinación coa matogueira de landa atlántica.

Vexetación antrópica: vexetación introducida polos seres humanos nun espazo determinado polo seu valor económico ou pola degradación da cuberta vexetal existente. Un exemplo sería a repoboación de piñeiros e eucaliptos na paisaxe vexetal de clima oceánico. Sinónimo: vexetación alóctona ou foránea.

Landa: é unha vexetación densa de matogueira que pode alcanzar ata 4 metros de altura. Das súas especies destacan o breixo, o toxo e a xesta. Pertence á rexión bioxeográfica eurosiberiana e pode aparecer como a degradación do bosque caducifolio ou como vexetación supraforestal. Adoita usarse para cama de animais e logo como fertilizante.